



UNHA INICIATIVA DE MR. MISTO ©2010

Cine infantil sobre rodas  
Cinema infantil sobre rodas  
Travelling cinema for kids



A CAIXIÃA  
DOS MISTOS





A Caixiña dos Mistos é unha plataforma de distribución e exhibición de contidos audiovisuais para nenos e nenas nun espazo itinerante. O proxecto ten varios obxectivos:

- 1 Aproximar novos contidos audiovisuais ao público infantil ata 14 anos de maneira lúdica á par que didáctica.
- 2 Proporcionar un novo espazo de visionado para contrarrestar a continua redución de salas de exhibición convencionais.
- 3 Ofrecer un novo soporte atractivo, acolledor e interactivo de referencia para os máis pequenos, que poidan identificar como seu, e que esperte neles a curiosidade e a confianza no que nesta **Caixiña dos Mistos** se proxecta. É ideal para complementar calquera programación cultural.
- 4 Unha nova xanela de explotación para as películas de curta duración, que reciben en concepto de royalties unha parte da contratación do servizo.

## O PROXECTO




“Promover un  
acercamento ao  
cinema dos máis  
pequenos”

A CAIXIÑA DOS MISTOS  
é unha iniciativa de Mr. Misto ©2010



A Caixiña dos Mistos é unha caravana ambulante que en virtude da súa dimensión pode chegar a calquera recuncho do territorio. Un espazo chan duns 50 m<sup>2</sup> con acceso a unha toma de corrente son os únicos requisitos precisos para a súa instalación. A montaxe e desmontaxe do recinto e da caravana é sinxela e rápida. A activiade é posta en marcha e dinamizada por dúas persoas de perfil técnico e de animación sociocultural respectivamente.



## CINEMA MÓBIL



“ chegar a  
calquera  
rincón ”

A CAIXIÑA DOS MISTOS  
é unha iniciativa de Mr. Misto ©2010



Os verdadeiros protagonistas son os nenos e nenas, pois da súa idade e preferencias depende a elección da película a proxectar, e unha vez rematada, son eles os encargados de votar as pezas, establecendo un ranking entre todas as que conforman o catálogo. O público adulto tamén valora as curtas.

Non se trata simplemente de ver unha película, se non de potenciar o seu valor didáctico e lúdico a través dun soporte que invita a soñar, e a través de diversas actividades ofrecidas mentres esperan a súa vez e trala proxección (pasatempos, recortables, obradoiro de stop-motion, etc.).



## XOGAMOS?



“potenciar  
o valor  
didáctico”


A CAIXIÑA DOS MISTOS  
é unha iniciativa de Mr. Misto ©2010



Sesiões de Cine infantil para idades comprendidas entre 0 e 14 anos, con diferentes franxas de idade.

As sesións prográmanse en función da duración das películas a proxectar e da idade dos espectadores. A duración media está entre 10 e 20 minutos.

A Caixiña dos Mistos ten unha capacidade para 15 persoas entre pais e nenos.



## METODOLOXÍA



15 persoas  
entre pais  
e nenos

A CAIXIÑA DOS MISTOS  
é unha iniciativa de Mr. Misto ©2010



A Caixiña dos Mistos é un soporte atractivo e versátil para distintos tipos de contidos audiovisuais, centrándose na súa primeira etapa na difusión de curtametraxes e programas de televisión infantís, aínda que sen pechar as portas ao apoio de campañas públicas socioeducativas dirixidas ao público infantil.

Dispoñemos dun completo, e en constante ampliación, catálogo internacional de películas de ficción, e sobre todo de animación, procedentes de países como Australia, Eslovaquia, Arxentina, México, U.S.A ou Brasil, así como unha mostra das mellores producións galegas e do resto do Estado.



## CONTIDOS



“soporte atractivo e versátil para contidos audiovisuais”

A CAIXIÑA DOS MISTOS  
é unha iniciativa de Mr. Misto ©2010



Escapando da concepción clásica de festival onde só moi poucos acadan o palmarés e case todos se quedan fóra, neste festivaliño itinerante se remuneran todos os contidos que forman parte do catálogo en concepto de royalties por cada proxección, contribuíndo desta forma á produción.



## apoio á PRODUCCIÓN



“ remunérase  
en concepto de  
royalties ”

A CAIXIÑA DOS MISTOS  
é unha iniciativa de Mr. Misto ©2010



A Caixaína dos Mistos començou a súa viaxe en maio de 2009, e desde entón non deixou de levar a maxia do audiovisual para nenos a todos os recunchos da nosa xeografía. Grandes cidades, pobos remotos, festas patronais, centros educativos... todos eles sumáronse á nosa ruta de viaxe. Moitos pequenos e maiores de cada localidade compartiron con nós esta experiencia na tempada 2009, cos que xa superamos os 10.000 espectadores que forman parte do Clube dos Mistiños.

Coa experiencia da pasada tempada, cos ánimos de todos os "mistiños", e cun catálogo renovado estamos listos para a nova campaña 2010.



## A Caixaína en 2009



máis de 10.000  
espectadores

A CAIXINA DOS MISTOS  
é unha iniciativa de Mr. Misto ©2010





Obradoiro infantil de stop-motion

## A túa Peliculiña en plastilina

A finalidade deste obradoiro é crear unha pequena peza audiovisual de animación de forma práctica e lúdica baseándose na técnica do stop-motion con plastilina.

Os participantes serán uns dez nenos e nenas de entre 10 e 13 anos. Plastilina, debuxos, recortables e témperas son os materiais de traballo deste curso dunhas 4 horas de duración.

Como resultado obteremos unha peliculiña orixinal e única dun minuto de duración.

**A Caixiña dos Mistos** extenderá as súas alfombras de cores para a gran estrea con todo o equipo.

Cada participante levarase un DVD de recordo coa peli e co making off, xunto cun diploma acreditativo.

## OBRADOIRO INFANTIL



“ Crear unha  
pequena peza  
audiovisual ”

A CAIXIÑA DOS MISTOS  
é unha iniciativa de Mr. Misto ©2010



Estes son algúns dos títulos engadidos en 2010:



### **La Lupe i en Bruno** (Cataluña) **+10**

Marc Riba/ Anna Solanas

Lupe quere a Bruno. Bruno non quere a Lupe. Unha historia de... máis ben, simplemente a historia de Lupe i en Bruno.



### **O soldadiño de chumbo** (Galicia) **3-7**

Virginia Curiá / Tomás Conde

O soldadiño namórase da bailarina dunha caixa de música, e intenta por todos os medios chegar a ela.



### **Iker pelos tiesos** (México) **7-10**

Sandra García

Iker pensa que todo o mundo se parece a un animal. A el gustaríalle ser un oso, coma o seu pai, pero non, é coma un ourizo cacho.



### **Pigeon Impossible** (USA) **3-7**

Lucas Martell

Un axente secreto novato da CIA enfróntase cun problema pouco común: que facer cando unha pomba queda atrapada no teu maletín ultra secreto.



### **A nena que tiña unha soa orela** (Galicia) **7-10**

Álvaro León

Tódolos nenos teñen dous ollos, un nariz, unha boca, dúas orellas e dez dedos, ¿ou non? Allegra vai descubrir que hai nenos de todo tipo.

# CATÁLOGO 2010



### **El armadillo fronterizo** (México) **0-3**

Miguel Anaya Borja

Un armadillo bastante inxenioso, pero con mala sorte, terá que cruzar a fronteira e enfrontarse a novos perigos máis alá desta para traer comida á súa nova e numerosa familia.



### **Historia de Umbigo** (Brasil) **+10**

Michelle Gabriel

Cando a pequena Milu dase conta de que terá que compartir o seu reino privado coa súa irmá pequena, algo gracioso lle sucede na súa tripa.



### **El misterio del pez** (Madrid) **7-10**

Giovanni Maccelli

Érase unha vez un vello que ía pescar cada día e cada día pescaba o mesmo pez.



### **The Revolt of the Mouses** (Galicia) **7-10**

David Alejandro Gen

The Revolt of the Mouses trasládanos a un campo de batalla dixital no que o pacífico mundo dos útiles de papelería ve perigar a súa existencia ante a invasión imparabí dos ratos de ordenador.



## Malacara y el misterio del bastón de roble (Cataluña) **7-10**

Luís Tinoco

Nico, un amante do cinema de terror, acaba de acadar un estraño artiluxio: un vello bastón de carballo que acadará un papel protagonista na seguinte curta que vai gravar.



## El relato de Sam Brennan (México) **3-7**

Tonatiuh Moreno

Sam é un rapaz que traballa na taberna do seu pai mentres soña con viaxes fantásticas. Un día ten a oportunidade de ver se a aventura é como a imaxina.



## Anything you can do (Australia) **3-7**

Emma Buckley

Dous rapaces atópanse cara a cara no cuarto de atrás. A competición é dura. Malas caras, uvas que voan e arrotos son as armas. Nun enfrontamento onde todo vale, a victoria será dóce? ¡Que empece o xogo!



## Neggy coñece a Samy (Galicia) **3-7**

Benjamin Carter

Había unha vez unha casa a carón do mar. Unha casa grande. Unha casa grande e estraña. Unha casa grande, estraña e vella. Había unha vez unha casa grande, estraña e vella a carón do mar.

# CATÁLOGO 2010



## On line (Argentina) **+10**

Federico Santillana

Un neno e unha nena chatean desde os seus cuartos. A través de Internet crean unha imaxe virtual deles. Ás veces, por crer que estamos tan conectados, non nos damos de conta do preto que estamos.



## A Formiga e a Cigarra (Andalucía) **+10**

Pablo Oliveira

Unha productora de cinema recibe o encargo de realizar un documental sobre a formiga "Lasius Niger". O equipo de produción decide contratar unha cigarra que faga o casting. ¡Pasen e vexan!



## 3x3 (Portugal) **+10**

Nuno Rocha

Un vixiante noturno pasa o tempo nunha cancha de baloncesto lanzando unha pelota a canasta. O seu ego elévase cando amosa as súas habilidades ao empregado de limpeza, que tamén pasa alí toda a noite.



## Chytte Ho (Eslovaquia) **7-10**

Borís Sima

Nunha visita escolar a un museo, todo pode pasar. O pequeno heroe desta historia vive grandes aventuras polas súas travesuras.



## Cousiñas [3 curtas] (Galicia) **0-3**

Gisele Llanio Rosabal

Basilio, Raquel e Tolín descúbrennos moitas "cousiñas" de xeito máxico e divertido.



Estes materiais son complementarios ás proxeccións.

## Pasatempos

Entréganse aos nenos para que se divirtan mentres agardan á súa sesión.



## Carteleira

Sempre visible no exterior do recinto que rodea á Caixiña.



## Foto de lemtranza

Tómase, personalízase e imprímese ao momento.



## Recortable

Para facer máis amena a espera.  
Para nenos maiores de 7 anos.

# MATERIAIS

## Chapa

Alba exerce de modelo para nós lucindo a súa flamante chapa.





Info:

[info@caixadosmistos.com](mailto:info@caixadosmistos.com)

[www.caixadosmistos.com](http://www.caixadosmistos.com)

Contratación:

(0034) 986 189 496

(0034) 981 667 665



**MRMISTO**

**ADMINISTRACIÓN / XESTIÓN**

Rúa Vista Alegre, nº 32 · Baixo  
36600 Vilagarcía de Arousa [Pontevedra]  
Tfn. (0034) 986 189 496  
Fax (0034) 986 189 496

**AUDIOVISUAL**

Rúa Ramón Cabanillas, 15 baixo  
15679 Cambre [A Coruña]  
Tfn. (0034) 981 667 665  
Fax (0034) 981 667 665

[www.mrmisto.com](http://www.mrmisto.com) · [info@mrmisto.com](mailto:info@mrmisto.com)